



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 24 DE AGOSTO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:15 horas do día 24 de agosto de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 22-08-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.
D. José Angle Otero Lamas. (asiste ao apartado 2 c) e 3 b))
D. Benjamín Collazo (asiste ao apartado 6a))

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 20.07.2016.**

Cos votos a favor de D. Pablo Olmos Pita, Dna. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e a abstención de D. Francisco Javier Pardo Espiñeira por non ter asistido a esa sesión da Mesa, apróbase o contido da acta da mesa de 20-07-2016.

b) **Acta da sesión do 10.08.2016**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

c) **Acta da sesión do 11.08.2016.**

Deixase pendiente a aprobación da acta para outra sesión por falta de quorum.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de aluguer de elementos para a iluminación de nadal (3007-106).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

Deixase constancia de que o aviso de envío por correo da oferta presentada por Sielvigo, S.L: foi presentada aa través da Carpeta Cidadá do Rexistro do concello de Vigo.

Outorgar un prazo de tres día para que o licitador Sielvigo, S.L. declare a solvencia técnica mediante unha relación dos principais subministracións similares ó obxecto do contrato realizadas nos últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos por importe igual ou superior ó prezo do contrato. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita subministrados por importe igual ou superior á unha anualidade media do prezo do contrato. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos. (8857-446).

Previamente deuse conta da incidencia reflexada na certificación do Rexistro Xeral na que se di literalmente o seguinte:

O día 22/8/16 fannos entrega de oferta recibida na oficina de xardins o día 19/8/16 da empresa GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS S L (160111964).

A vista desta circunstancia a Mesa por unanidade acorda solicitarlle a GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS S L (160111964) que nun prazo máximo de tres días presente un xustificante que acredite que presentou a oferta no servizo de Xardíns do concello o día 19-08-2016 e polo tanto dentro do prazo previsto para a presentación de ofertas.

c) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos (14972-106).

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” dos licitadores presentados. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:

1º.- Outorgar un prazo de tres día para que subsanen a declaración presentada os seguintes licitadores:

1. EUROCEBRIAN S L : Terá que declarar o obxecto social da empresa.
2. CARLOS FERNANDEZ POL: Terá que declarar a solvencia técnica xa que a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- presentada é insuficiente
- OSCAR GUIMERANS RODRIGUEZ : Terá que presentar a declaración de acordo co modelo previsto no anexo II ao PCAP
 - UTE A CONSTITUIR PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO S L Y PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES: Cada un dos componente da UTE terán que presentar a declaración de acordo co modelo previsto no anexo II ao PCAP por separado e presentar co compromiso de UTE.

2º.- Admitir inicialmente no presente procedemento aos licitadores relacionados a continuación por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, a salvo de que nun momento posterior do procedemento, tras serlles requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse ó presente procedemento, de non reunilos se lle exclúa da mesma:

1.- SPORT MARTINEZ VILA, S L .

3.- **Apertura de documentación Técnica.**

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos para a iluminación de nadal (3007-106).

Non se trato este asunto xa porque requeriuse documentación ao único licitador presentado.

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos (14972-106).

Non se trato este asunto xa porque requeriuse documentación a un licitador presentado.

4.- **Apertura oferta económica**

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos. (8857-446).

Non se trato este asunto xa porque requeriuse documentación aos licitadores presentados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446) .

A mesa, tra-la explicación do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns na que considera que os licitadores Calfensa Proyectos S.L., Sifu,S.L. E Xestión Ambiental de Contratas S.L. non presentan un plan de emerxencia coas esixencias do PPT e a vista do seu do informe de 12 de agosto de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor das ofertas presentadas, acorda:

1.- Excluir aos seguintes licitadores polas causas que se citan a continuación:

Calfensa Proyectos S.L.por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7 A das FEC do PCAP, o contido do plan presentado polo licitador expón unicamente as medidas en caso de Prevencion de riscos.

Sifu,S.L. por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT e o apartado 7 A das FEC do PCAP

Xestión Ambiental de Contratas S.L.; por non presentar o plan de emerxencia que esixe a cláusula 9 do PPT de acordo co esixido en dita cláusula xa que considera sólo un operario oficial cando no PPT especificase que *"nunca será inferior a 2 persoas e cos medios materiais necesarios"*.

2º Aceptar o informe do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns nde 12 de agosto de 2016 sobre os criterios valorables mediante xuízo de valor das ofertas presentadas.

6.- Propostas de adxudicación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (5896-252).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo (5896-252).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 06 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de vigo (5896-252)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de **29 de xullo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

Cuarto.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de Vigo" no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>FORMATO VERDE, S.L.</i>	<i>48,66</i>
2	<i>CONTENUR, S.L.</i>	<i>19,69</i>

Quinto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FORMATO VERDE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Sexto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Terceiro.- En data 1 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *FORMATO VERDE, S.L.*, que presenta a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación requirida en data 10 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto, A mesa de contratación celebrada o 11 de agosto de 2016 acordou requerir ao licitador para que complete a documentación presentada, este a presenta o 22 de agosto de 2016.

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *FORMATO VERDE, S.L*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a *FORMATO VERDE, S.L* os **servizos de mantemento e reparación das instalacións de contenerización soterrada do concello de vigo (5896-252)** por un prezo de 70.061,63 euros (IVE engadido) e as seguintes prestacións adicionais:

- Instalación de bomba de achique na praza de Compostela nº 7.
- Incremento de unha conservación hixiénica sobre as requeridas no prego a realizar entre os meses 11 e 12 de cada ano do contrato.
- Unha redución do tempo de resposta ante as incidencias / averías de 4 horas para as averías non urxentes e de 2 horas para as urxentes.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

b) Procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3.767-440).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3.767-440) e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- En data **29 de xullo de 2016**, a Xunta de Goberno adoptou o seguinte acordo:

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>COPCISA SA</i>	<i>96,40</i>
2	<i>NAROM SL</i>	<i>91,57</i>
3	<i>CONSTRUCCIONES FECHI SLU</i>	<i>91,05</i>
4	<i>CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL</i>	<i>87,11</i>
5	<i>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA</i>	<i>86,83</i>
6	<i>ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACIÓN Y VIALES SL</i>	<i>85,94</i>
7	<i>CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS SA</i>	<i>83,76</i>



8	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	83,12
9	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	80,82
10	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ PORTELA SL	78,58

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 935,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".3 de agosto de 2016, a XGL adoptou o seguinte acordo:

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *COPCISA, S.A* que presenta a documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *COPCISA, S.A* .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“ Adxudicar a COPCISA, S.A , o procedemento aberto para a contratación das obras de reparación e mantemento da rúa Esperanto (3.767-440) por un prezo de 131.498,08 euros, IVE engadido e un aumento do prazo de garantía previsto no apartado 11 das FEC de 138 meses. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

- c) **Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332) ,**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 27 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A xunta de Goberno Local de **29 de xullo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

	Empresas	Puntuación
1	MULLERES PROGRESISTAS	96,5 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 952,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACION DE MULLERES PROGRESISTAS, que presenta a documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ASOCIACION DE MULLERES PROGRESISTAS,

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ASOCIACION DE MULLERES PROGRESISTAS, os **de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)** por un prezo de 68.441,60 euros e as seguintes prestacións adicionais:

- Impartir unha actividade extraescolar mensual fora do horario lectivo.
- Impartir unha actividade complementaria mensual dentro do horario lectivo.
- Impartición dun curso anual específico de formación persoal de 10 horas de duración.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

- d) **Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de **29 de xullo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento de aplicacións externas de Recadación e Contabilidade na seguinte orde decrecente:

Empresas	
1	T-SYSTEMS IBERIA, SAU

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*, que presenta a documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do RLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a T-SYSTEMS IBERIA, SAU, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos **servizos de mantemento de aplicacións externas de recadación e contabilidade.(expediente 7694-113)** por un prezo de total de 164.756,96 euros (IVE ENGADIDO) dos que 82.756,96 euros (IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros (IVE ENGADIDO) E UN PREZO HORA DE ASISTENCIA e as seguintes prestacións adicionais:*

– Efectuar 24 horas ao ano da prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custe para o concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- e) **Procedemento negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística. (expediente 7695-113).**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento **negociado sen publicidade aberto para a contratación dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113)**

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 29 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113)** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de **29 de xullo de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento sen publicidade para a contratación do Servizo de mantemento da aplicación de estadística (7695-113) na seguinte orde decrecente:

Empresas	
1	T-SYSTEMS IBERIA, SAU

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS IBERIA, SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- En data 5 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, **T-SYSTEMS IBERIA, SAU**, que presenta a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

documentación requirida en data 18 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *T-SYSTEMS IBERIA, SAU*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS IBERIA, SAU, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos dos servizos de mantemento de aplicacións externas de estatística.(expediente 7695-113) por un prezo de total de 58.460,66 euros (IVE ENGADIDO) dos que 28.460,66 euros



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 15 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 87,50 euros (IVE ENGADIDO) E UN PREZO HORA DE ASISTENCIA. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

f) **Procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).**

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos servizos **de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).**

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 13 de maio de 2016, a Xunta de Goberno Local (XGL) acordou aprobar o expediente para contratación **dos servizos de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113).** e a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista.

Segundo.- A xunta de Goberno Local de **9 de agosto de 2016**, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para o mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113) na seguinte orde decrecente:

1.- *Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA).*

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, 1.- Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado,*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 16 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- En data 9 de agosto de 2016, este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar, *Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA)*, que presenta a documentación requirida en data 17 de agosto de 2016, dentro do prazo concedido ó efecto,

Cuarto.- En data 24 de agosto de 2016, a Mesa de Contratación, procede a examinar tanto a documentación achegada como a solicitada de oficio por esta Administración, comprobando que esta é correcta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA)*

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a *Soluciones avanzadas de Informática Aplicada, S.L. (SAVIA)*, o procedemento negociado sen publicidade para a contratación dos **servizos de mantemento de aplicacións externas de xestión de nóminas e RR.HH. (exped 7729-113)** por un prezo de total de 90.513,62 euros (IVE ENGADIDO) dos que 40.960,92 euros (IVE ENGADIDO) corresponden ao mantemento de software e un prezo hora de asistencia e asesoramento técnico de 98,31 euros (IVE ENGADIDO) e as seguintes prestacións adicionais:

- Unha bolsa de 8 horas remotas anuais a custe cero.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:20 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 22:18	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA549-E3C93F-D6A437-FKUGR6-GK657R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		